

8º o traballo nas telleiras

ELABORACIÓN DE TELLA Á MAN

Estendíase po (terra miúda, seca e peneirada) sobre o banco, enchiase a gradilla con barro, pasábase o raseiro e bruñíase co baño (mestura moi fluída de barro moi fino e auga). Logo pasábase ao formal, para darlle a forma curva, e tendíase a secar na eira, que antes había que alisar cun rodo.



Enchendo a gradiña.




Raseirando



O tendido da tella era un proceso delicado, da súa correcta execución dependía que a tella mantivese a súa forma sen afundirse. O tendedor recibía a tella do oficial no formal e presentábaa na eira pasándolle a man por enriba seguindo unha rutina: a "man de dentro", "man do lombo" e "man de fóra" para axustarlle a forma. Logo, levantaba lixeiramente o formal e dáballe co revés da man os informes "de fora", "de dentro" e "clave", para asentala ben na eira.



Sei cantar e sei bailar
todo se me dá na man,
menos o de facer tellas
que se me aplastan no



TELLAS FEITAS Á MAN

Canaleta: duns 50 cm de lonxitude, a máis común para tellar. Tamén se facía hai moitos anos unha máis pequena.



Cume ou canal: máis ancha, para remates nos cumios dos tellados.



O xeito de pasar a man pola tella ao bruñila deixaba unhas marcas que servía para identificalas. Xeralmente cada oficial recoñecía as súas.

PARTES DUNHA TELLA

1-Frenteira ou frentaleira

2-Boquilla

3-Clave ou lombo

4-Varilla

5-Gabilán

